

INTRODUCCIÓN PÁXINA WEB

IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE:

DENOMINACIÓN: Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio a Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide. “Amarai”

DOMICILIO SOCIAL: Edificio María Mariño, Rúa Padre Pardo nº 33 – 1º - CP 15810, Arzúa (A Coruña)

Teléfono/Fax: 981 500 823 / 516 072

Móviles: 663 899 428 / 670 335 495

RÉXIMEN XURÍDICO: Lei Orgánica 1/2002 del 22 de Marzo.

A entidade aparece inscrita nos seguintes rexistros administrativos:

Rexistro Provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza co código: **4828-1**

Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), co código: **E-1142**.

Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia como entidade CULTURAL DE GALICIA co código: **B – 03 – 14/C – 106 Libro 2 folio exp. 3210**

Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia co número: **O-157**.

NIF-CIF : G-15637325

BREVE DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE:

No ano 1997 constitúese Amarai, cando un grupo de persoas con discapacidade e familiares destas deciden poñer en funcionamento unha asociación que teña como labor principal; a de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias. Posibilitando a plena inclusión destas persoas nos diferentes ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Amarai defende unha forma de facer propia manifestada a través da súa MISIÓN, VISIÓN e VALORES. Convertendo as persoas con discapacidade, mulleres, homes, nenas e nenos e as familias os máximos referentes da nosa acción, e beneficiarios finais da mesma. Esta asociación aborda a discapacidade dende un enfoque de dereitos humanos, estando o eixo da acción reivindicativa de Amarai constituído, tanto pola defensa da plenitude de dereitos, e non

discriminación, a igualdade de oportunidades, a inclusión na comunidade, a autodeterminación, a promoción da autonomía persoal e a emancipación social. Polo tanto, a estratexia de Amarai está presidida polo enfoque inclusivo.

MISIÓN, VISIÓN E VALORES ENTIDADE:

“MISIÓN”

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

“VISIÓN”

Unha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas o grupo social de persoas con discapacidade.

“VALORES”

Amarai basea a súa actuación nos seguintes valores:

- Democracia interna.
- Solidaridade entre os seus membros.
- O impulso da participación dos seus membros e tódalas súas actuacións.
- A transparencia e publicidade na xestión e actuación dos seus soci@s.
- Defensa das necesidades xerais por enriba de intereses particulares.
- A defensa do grupo social como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais

OS FINS PRINCIPAIS SON:

- Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.
- Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente, e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- Crear as condicións para que os seus socios/as poidan cumprir axeitadamente a misión.
- Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
- Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
- Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade.
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
- Representar ós seus membros no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional

- Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e a xuventude
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativos e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
- Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ó cumprimento da misión de “*AMARAI*” ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

Centro de Recursos para persoas con discapacidade en Boimorto (CRD Amarai)

O centro de Recursos para persoas con Discapacidade en Boimorto nace da necesidade de ofrecer ás persoas con discapacidade da zona servizos de apoio individualizados, que lles axuden a desenvolverse coa máxima autonomía, e integrarse plenamente na vida social e laboral. Neste centro posibilitase o aprendizaxe e se potencia o desenrolo das persoas con discapacidade, prestando e garantindo a atención que as persoas usuarios/as requiren para a adquisición da súa autonomía persoal e social. Trátase de conseguir, dentro dos servizos e programacións, o aprendizaxe e mantemento de condutas desexables e valoradas no noso entorno socio-cultural.

O Centro de Recursos de Boimorto préstanse servizos de apoio ás persoas con discapacidade para o fomento da súa autonomía a través de programas de saúde, formativos, información e asesoramento, ocio.... Estes servizos ofrécense a través dos equipamentos especializados de Centro de Día e Centro Ocupacional.

O Centro de Día dá cobertura a 14 persoas usuarias con Discapacidade Intelectual Gravemente Afectadas, 14 prazas concertadas coa Xunta de Galicia, este equipamento conta con 19 prazas homologadas. Este centro permitirá o desenvolvemento de actividades diferenciadas dentro de distintas áreas. Unha desas áreas está orientada ao ámbito da rehabilitación físico-cognitiva e outra á promoción e fomento da autonomía persoal e a habilitación social, ademais de outras as que se farán mención máis adiante

O Centro Ocupacional dá cobertura a 8 persoas usuarias total elas en praza privada, este equipamento conta con 23 prazas homologadas. Este centro permitira o desenvolvemento de diferentes obradoiros de forma simultánea. O obxecto é que foron rotativos e vinculados a actividades profesionais ligadas a actividades da propia zona.